

## A MIÑA RUTA DE SENDEIRISMO

Para esta semana tendes que buscar unha ruta de Sendeirismo que se atope preto a onde vós vivides. Non me refiro ó mesmo pobo ou mesmo concello (que tamén pode ser), senón ó contorno próximo como poden ser outros concellos limítrofes, comarcas, etc.

Podedes buscar a información onde queirades, en internet aparecen varias coas súas características. Tamén podedes preguntar en puntos de información do concello, preguntarlle a familiares, etc. Calquera método de busca é válido.

Unha vez vexades varias rutas e seleccionedes a que máis vos guste, deberedes indicar as seguintes características da mesma:

1. Nome da ruta
2. Lugar onde se atopa esa ruta.
3. Distancia da ruta
4. Punto máis elevado e punto máis baixo da ruta. En altitude.
5. Duración aproximada da ruta.
6. Que tipo de ruta é segundo a sinalización oficial de montaña (vídeo).
7. Nivel de dificultade.
8. Cita diferentes lugares de interese que se van visitando ó longo da ruta.

Ó mellor algúns dos puntos non os atopades. Depende de onde busquedes. Non vos preocupar, intentade poñelos todos, pero se non atopades algún non pasa nada.

Aquelas e aqueles que queirades, podedes poñer algunha foto na cal se vexa o percorrido da ruta, tamén podedes.

Unha vez que teñades toda esa información, aqueles que teñan a oportunidade de levala a práctica e lles apeteza, xa me contaredes a vosa experiencia!